

Autor e ilustrador: **XULIO GAYOSO**

Encadernado en cartonné. 21,5x23 cm.

48 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "A banda de Vilacendoi"
MareMar. ISBN 978-84-8464-583-2

-Castelán: "La banda de Vilacendoi"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-48-2

Prezo: 12 €


A BANDA DE VILACENDOI

No medio dun soto está Vilacendoi: a miña aldea.

Por centos de anos a xente viviu aquí.

Cada recuncho ten o seu nome. Casa casa a súa historia...

...É certo que hai moitas aldeas con igrexa, fonte ou pombal, mais moi poucas con quiosco de música. Porque o que fai que Vilacendoi sexa única é que aquí tivemos noutros tempos... unha banda de música.



Vilacendoi non é un nome ficticio. Este lugar existe e está situado a poucos quilómetros de Lugo, na beira do Miño. Esta pequena aldea está formada por un reducido grupo de casas labregas, típicas da bisbarra, nas que predomina a lousa como elemento constructivo. En moitas desas vivendas pode que aínda se garden os instrumentos da banda de música local, que tamén existiu.

As xeracións actuais de adultos non chegaron a gozar dela, pero oíronlles falar aos anciáns da súa boa fama. O autor e ilustrador desta obra, que é de orixe lucense, considera "un milagre" que unha banda de música de dimensións e recursos limitados chegara a brilar naquel tempo, de aí a homenaxe que lle brinda con este libro. Nel recorre ás súas lembranzas da nenez, aos ecos da voz de quen foi testemuña de memorables noites de verbena ao son daquela banda. O seu relato é unha especie de crónica rural, a medio camiño entre o verosímil e mailo inverosímil.

A lectura desta historia permite descubrir elementos do estilo de vida no campo, a diversidade de animais domésticos, a beleza da paisaxe. Chega a describir mesmo os seus tempos difíciles, nos que a despoboación e mailo envellecemento dos seus habitantes fan temer polo futuro de Vilacendoi. Pero eses temores disípanse coa chegada de sabia nova, de novos veciños que converten Vilacendoi nun grato exemplo de integración social e racial.

"Se pretendes ser universal, fala da túa aldea", escribiu León Tolstoi. Xulio Gayoso apela a esas palabras e elabora neste traballo unha fermosa

mestura de maxia e saudade, de futuro e esperanza. Vilacendoi convértese así na aldea dos seus soños.

XULIO GAYOSO (Lugo, 1954)

Exerce como profesor de debuxo nun centro educativo de Cambados (Pontevedra). Aínda que a ilustración é o xénero preferido, tamén realizou traballos de pintura e de cerámica. Colaborou en publicacións como A Nosa Terra e La Voz de Galicia, editoriais como Xerais, e revistas como Dorna ou Agalia.

- **Temática:** historia dunha aldea e a súa banda de música
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de gran colorido e formas sinuosas, con predominio da figura humana e da paisaxe
- **Aplicacións:** permite traballar nas aulas e no fogar sobre temas sociais relacionados coa emigración, a inmigración ou a integración dos inmigrantes; a música, a variedade de instrumentos musicais e os seus sonidos correspondentes.

